

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

AXENCIA TURISMO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 27 de outubro de 2014 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de outubro de 2014 polo que se declaran festas de Galicia de interese turístico a Festa do Botelo do Barco de Valdeorras, o Entroido de Maceda e o Belén Electrónico de Begonte.

En cumprimento do disposto no artigo 28 do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, este organismo dispón que se publique no *Diario Oficial de Galicia* o acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 23 de outubro de 2014 e que a continuación se transcribe:

Declarar festas de Galicia de interese turístico, de conformidade co establecido no Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, de refundición en materia de Consello Galego de Turismo, declaración de municipio turístico galego e declaración de festas de Galicia de interese turístico, as seguintes:

- A Festa do Botelo, que se celebra no mes de xaneiro no concello do Barco de Valdeorras (Ourense).
- O Entroido de Maceda, que se celebra coincidindo co Entroido no concello de Maceda (Ourense).
- O Belén Electrónico de Begonte, que se realiza durante os meses de decembro e xaneiro no concello de Begonte (Lugo).

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2014

M^a Nava Castro Domínguez
Directora da Axencia Turismo de Galicia

CVE-DOG: hn851rt3-phv5-gnc9-lfj2-eujv3uju5d7

